

A problemática da conservación de óleo sobre pedra en exterior. A intervención sobre o relevo da Fuxida a Exipto (San Paio de Antealteres, Santiago de Compostela).

M^a Asunción Terroso Hernández

asun_terroso@yahoo.es

13/01/2016

Obxectivos

- Analizar a intervención efectuada.
- Consultar comparativamente bibliografía e intervencións análogas.
- Autoavaliar a intervención.
- Extraer os aspectos comúns en canto á problemática da policromía ó óleo sobre pedra en exterior.
- Reflexionar sobre a compatibilidade de materiais en consolidación, fixación e protección.

Metodoloxía

- Revisión da documentación sobre a intervención: proxecto e memoria.
- Síntese da documentación: extracción dos aspectos sobre a caracterización das policromías e a problemática da súa intervención.
- Ampliación dos apartados referentes ás policromías tras a consulta de bibliografía específica.
- Visita á obra e análise do estado de conservación tras a restauración: razoamento e conclusións.
- Recompilación de documentación sobre intervencións análogas.
- Reflexión sobre o deterioro e as súas causas en policromía ó óleo sobre pedra.
- Reflexión sobre a problemática da intervención: compatibilidade de tratamentos e materiais.
- Avaliación da intervención efectuada cos coñecementos actuais: carencias e acertos.



Conclusións

- A intervención do relevo permanece estable tres anos despois.
- Evidénciase a necesidade da contemplación dunha fase de estudos previos exhaustivos nos proxectos de intervención deste tipo de bens, de cara á caracterización e á identificación das diferentes policromías.
- A problemática de compatibilidade de materiais nos tratamentos de consolidación-fixación require de ensaios e seguimentos das obras intervidas para coñecer os resultados dos consolidantes orgánicos e organosilíceos.
- A conveniencia da aplicación dunha película de protección en óleo sobre pedra continúa a ser un aspecto pouco estudado a pesar da súa importancia. No caso do relevo, a non aplicación desta película continúa a ofrecer bos resultados.